

LISTA DE ASISTENTES

Membros da Comisión:

Carmen García Mateo (presidenta)
Manuel García Sánchez (secretario)
Manuel Caeiro Rodríguez
Rebeca P. Díaz Redondo
Mónica Fernández Barciela
José Ramón Fernández Bernárdez
Felipe Gil Castiñeira
Alberto Gil Solla

Acta da sesión da Comisión Académica do Programa de Doutoramento DocTIC da Universidade de Vigo, de cinco de outubro de dous mil dezaoto, reunida ás 11:00h na sala A019 (seminario Torre A) da EE de Telecomunicación.

O Mércores **día 5 de outubro de 2018**, ás 11:00 horas, comezou a sesión da Comisión Académica do Programa de Doutoramento DocTIC, cos asistentes que figuran á marxe, sendo presidida pola catedrática Carmen García Mateo, e actuando como secretario o catedrático Manuel García Sánchez

Outros asistentes:

Desculpan asistencia:

Martín Llamas Nistal

A orde do día contén os seguintes puntos:

- 1.- Informe da coordinadora
- 2.- Aprobación, se procede, de actas anteriores
- 3.- Admisión a trámite, se procede, da Tese de Doutoramento de Moisés Mera Iglesias; aprobación, se procede, da proposta de tribunal e outros trámites relacionados.
- 4.- Asuntos de trámite
- 5.- Rogos e preguntas

Punto 1. Informe da coordinadora.

A coordinadora informa de que:

- Dada a excedencia da profesora Nuria González Prelcic, o profesor Pedro Comesaña Alfaro actuará como suplente de Roberto López Valcarce na CAPD.
- A próxima semana da comezo o curso de inglés organizado por DocTIC. Inda quedan tres prazas libres.
- Séguese organizando as conferencias previstas para este ano

Punto 2. Aprobación, se procede, de actas anteriores.

Apróbase por asentimento a acta de data 26/9/2018.

Punto 3. Admisión a trámite, se procede, da Tese de Doutoramento de Moisés Mera Iglesias; aprobación, se procede, da proposta de tribunal e outros trámites relacionados.

Apróbase autorizar ós servicios administrativos da Universidade de Vigo para que actualicen o título do seu plan de investigación a “Imágenes funcionales multimodales en radioterapia: relación entre imágenes funcionales en cáncer de cabeza y cuello”.

Apróbase a avaliación anual do alumno correspondente ó curso 2017/18.

Compróbase o cumprimento dos requisitos establecidos na memoria do programa para a defensa da tese de doutoramento. Ten aprobadas as avaliacións anuais dende o curso 2013/14 até o actual. Tamén ten realizadas as actividades formativas obrigatorias:

Actividade obrigatoria	Evidencias no documento de actividades
1. Defensa do Plan de Investigación	Ten defendido o Plan de Investigación dende o curso 2013/14, tal como figura baixo o epígrafe “Outros méritos de investigación”.
2. Preparación dunha comunicación científica internacional	Ten feito o envío dunha publicación internacional segundo figura no epígrafe “Artigos en revistas internacionais”
3. Envío de artigos a congresos científicos internacionais	Ten feito unha comunicacións segundo figura no epígrafe “Pósters en congresos internacionais”

Apróbase a admisión a trámite da Tese de Moisés Mera Iglesias, titulada “Imágenes funcionales multimodales en radioterapia: relación entre imágenes funcionales en cáncer de cabeza y cuello”, dirixida polos profesores José Luis Alba Castro e Antonio López Medina.

Punto 4. Asuntos de trámite.

Apróbase recoñecer como a actividade formativa da alumna Silvia García Méndez, Comunicación en Congreso Internacional, “Lexicon for Natural Language Generation in Spanish Adapted to Alternative and Augmentative Communication”

Punto 5. Rogos e preguntas

Non hai.

Sen mais asuntos que tratar remata a sesión.

O Secretario,

Manuel García Sánchez

VºBº
A Presidenta,

Carmen García Mateo